

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de novembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 10 de novembro 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 16 de novembro de 2022 o xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 21 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:41	Páxina 1 de 3
1333-441	CSV: ABA5B7-5A28C6-54DB4A-9F3Q3U-J9U5BP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe da Área de Investimentos o 16 de novembro de 2022.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valadares) (1.333-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Baixa ofertada
1	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	10.413,20 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	6.705,47 €
3	VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	6.382,03 €
4	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6.311,03 €
5	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	5.711,48 €
6	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	5.522,15 €
7	NAROM, S.L.	4.725,38 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:41	Páxina 2 de 3
1333-441	CSV: ABA5B7-5A28C6-54DB4A-9F3Q3U-J9U5BP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/11/2022 14:41	Páxina 3 de 3
1333-441	CSV: ABA5B7-5A28C6-54DB4A-9F3Q3U-J9U5BP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		